

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

CEIP SEIXO-MARIN

REVISIÓN Nº 1 :  
DATA: XUÑO 2020

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30-06-2020

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30-06-2020

DATA ELABORACIÓN: XANEIRO 2014

DATA 1ª REVISIÓN: XUÑO 2020

**Este documento intégrase na concreción curricular.**

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1. Nos centros que imparten educación infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

3. Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior.

4. Información sobre os programas e actividades que se desenvolverán no curso seguinte.

5. Propostas de mellora para o curso seguinte.

**Esta addenda entregárase xunto coa PXA.**

## TÁBOA DE CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO .....	4
3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA .....	7
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA .....	7
5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	9
6. EXENCIONS .....	10
A. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14) .....	10
B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS .....	10
C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS QUE SE LLE IMPARTEN. ....	11
7. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.....	12
8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA.....	13
A. COMPOSICIÓN .....	13
B. FUNCIONS .....	13
I. COORDINADOR/A.....	13
II. EQUIPO.....	13
9. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA .....	15
10.PLURILINGÜISMO .....	18
A.PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE) .....	18
B.SECCIONS BILINGÜES .....	19
11.AVALIACIÓN .....	21

## 1. INTRODUCCIÓN

Na sociedade actual a competencia plurilingüe estase a conformar coma un aspecto esencial para o desenvolvemento persoal, para a eliminación de barreiras, prexuízos e estereotipos e para o enriquecemento da propia sociedade xa que as linguas son instrumentos de comunicación, vehículo do sistema de valores das expresións culturais e factor determinante da identidade dos pobos que as falan.

A presente proposta para a planificación lingüística, segue os obxectivos marcados pola lei 3/1983 de normalización lingüística e do decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia que a desenvolve e a ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto anterior.

Polo tanto, o Proxecto Lingüístico do C.E.I.P de Seixo é un documento de centro polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, no que se nos permite facer unha planificación lingüística para que, o remate da educación primaria, o alumnado utilice con fluidez calquera das dúas linguas oficiais en Galicia, se inicie nunha lingua estranxeira, e a vez, achegar iniciativas e propostas que impulsen a realidade lingüística do noso centro.

A nosa comunidade esixe o coñecemento e uso de dúas linguas e iso supón una necesidade e unha oportunidade (laboral, vital, social, etc.) para os individuos. O plurilingüismo individual e social (non só o bilingüismo) é elemento imprescindible do capital social de calquera individuo na sociedade actual.

Ser competentes en varias linguas é un obxectivo que debemos pretender desde un punto de vista individual e social. Galicia é unha sociedade plurilingüe, bilingüe historicamente aínda que coñecemos etapas en que se intentou ocultar esa realidade e mesmo condenar o uso do idioma propio. Hoxe calquera cidadán coñece as vantaxes de dominar varias linguas. Ademais da potenciación do uso da lingua galega, consideramos importante no centro a consolidación da aprendizaxe de, polo menos, unha lingua estranxeira.

## 2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O CEIP de Seixo está situado en Seixo, unha parroquia do concello de Marín, na Península do Morrazo. Nel conflúen nenos e nenas das parroquias de Seixo, Mogor, o Campo e Piñeiro.

A parroquia está nunha zona rural moi unida ao mar, con pais e avós mariñeiros, e socialmente podemos considerala de nivel medio-baixo.

Marín é un concello onde o castelán é a lingua predominante, tal vez pola influencia da Escola Naval e onde ata fai pouco o galego, como lingua, estaba mal visto. Hoxe isto comeza a cambiar gracias ao traballo de institucións e asociacións socioculturais que traballan en prol do galego.

Na propia parroquia de Seixo, a maioría da xente maior fala galego, pero non o valora como para transmitilo aos seu fillos, que son os pais do noso alumnado. Aínda que a lingua galega foi a habitual, ao non usarse en ámbitos oficiais, especialmente na escola, fixo que a castelánización fose aínda mais relevante no cambio xeracional. Aínda que se recoñece o galego como lingua propia, o abandono é grande na xente nova.

Así que, a pesar de haber persoas galego falantes no contorno do colexio, entre o alumnado é unha lingua minoritaria.

### 2.1 A SITUACIÓN DO PROFESORADO:

A través da observación directa dos nosos compañeiros e da análise da información das enquisas feitas chegouse á unha serie de conclusións:

En canto a súa **lingua habitual** sinalar que teñen como lingua predominante o castelán un 65%, un 15% fala só castelán e un 10% faino só en galego. O 10% restante ten como lingua habitual o galego e o castelán por igual.

Tendo en conta a súa **capacitación para empregar o galego** na actividade docente, unha ampla maioría (95%) considera ter unha capacitación media, (40%) alta, (45%) e unha disposición favorable (90%) para facer cursos de reciclaxe e actualización co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada.

De cara á **utilización do galego no ámbito educativo**, o 70% do profesorado defende a igualdade do galego fronte o castelán, mentres que un 25% considera que o galego debería ser a lingua predominante no noso sistema educativo e que o ensino nesta lingua axudaría a aumentar o seu prestixio social.

Se temos en conta a **actitude do profesorado cara a normalización social do galego**, un 30% e

moi favorable, un 60% móstrase favorable e o 10% restante indiferente.

En conclusión os datos obtidos na enquisa evidencian o perfil lingüístico dun profesorado na súa maioría castelán falante, ben capacitado para empregar o galego na súa actividade docente, cunha disposición favorable para actualización e ampliación de coñecementos e cunha actitude positiva cara a normalización social do galego considerando que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece o alumnado.

## **2.2 A SITUACIÓN DO ALUMNADO:**

A maioría do alumnado do noso centro ten como lingua materna o **castelán**, tanto oral coma de forma escrita, a cal é a habitualmente usada no seu ámbito familiar con moi poucas excepcións (familia galego falante/ neno castelán debido á influencia ambiental).

Unha gran maioría dos avós e avoas lles falan en galego, pero isto se perde na seguinte xeración xa que tanto a maioría dos pais como das nais se dirixen ao alumnado en castelán máis que en galego, polo que o castelán tamén é a lingua predominante entre pais e nais.

No ámbito escolar, nos últimos cursos da Educación Primaria empézanse a observar que un pequeno porcentaxe do alumnado emprega indistintamente as dúas linguas.

Da análise feita chegamos ao punto de partida sociolingüístico do centro :

- No contexto sociolingüístico do centro predomina o castelán.
- O profesorado posúe unha boa disposición para impartir a docencia en galego aínda que na súa maioría é castelán falante.
- Os nenos e nenas chegan á escola cun predominio do castelán na súa vida.
- Hai unha boa presenza ambiental do galego no centro.
- O contorno sociolingüístico do noso centro é de predominio do castelán.

A situación exposta anteriormente fai patente a necesidade de traballar no eido da dinamización e fomento do uso do galego, tentando transcender a toda a comunidade educativa e mesmo ó contorno máis inmediato, facendo da nosa escola un medio de integrar contidos e lingua. “Ser capaz de comunicarse en varias linguas” é o noso reto. Acadar competencias lingüísticas en tres linguas que en ningún momento entran en conflito entre si senón que se complementan cunha planificación lingüística que trata de ter en conta a situación social de cada unha de ditas linguas.

## **2.3 A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO:**

Para a determinación sociolingüística do noso centro analizamos a información obtida en diferentes momentos e situacións no centro:

- Datos aportados polo profesorado das entrevistas persoais cos pais e nais.
- Enquisas ás familias.
- Observación e conversacións co alumnado no patio e nas aulas.
- Conversas en titorías das nais e pais cos titores.
- Emprego da lingua escrita dirixida de pais a profesores.
- Enquisas ao profesorado.
- Enquisas ás familias de Educación Infantil.
- Consulta ás familias que se incorporan por primeira vez ao centro na que constatan cal é a lingua na que se comunica.

A análise da información obtida nunha pregunta dunha enquisa realizada ás familias do noso centro puxo de manifesto que:

- So un 1'58% fala galego fronte a un 23'8 que fala so castelán na súa casa.
- Un 30'9% da poboación analizada fala ámbalas dúas linguas por igual.
- Tan só un 4'76 % fala máis galego que castelá fronte a un 34'9% que fala máis castelá que galego.
- Un 3'96% dos entrevistados non sabe, non contesta.

Atendendo a toda información analizada podemos concluír que:

- A situación do galego en Seixo e no noso entorno é claramente diglósica.
- O noso alumnado está en contacto cotiá coa lingua galega de diferentes xeitos pero as familias educan aos seus fillos e fillas maioritariamente en castelán independentemente de que os ascendentes sexan galego-falantes. Un sector da poboación onde se observa maior emprego da lingua galega é na dos pais e nais con alto nivel cultural, normalmente universitarios.

### 3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

O obxectivo principal é **garantir a competencia lingüística en galego** a todo alumnado, e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán, e dicir, **que o noso alumnado acade a competencia lingüística propia do seu nivel nas dúas linguas oficiais.**

Trátase de concienciar a toda a comunidade educativa da necesidade de impulsar o galego como vehículo das actividades lúdicas e de aprendizaxe para así mellorar as destrezas lingüísticas do alumnado repercutindo de xeito positivo no uso de dita lingua en todos os ámbitos. E dicir que **toda a comunidade educativa participe na normalización do uso da lingua galega para acadar un bilingüismo harmónico pleno.**

#### Obxectivos xerais:

- Que o alumnado manteña unha boa competencia na súa lingua familiar e que progresivamente, adquira unha competencia suficiente na outra lingua oficial.
- Que o alumnado ao finalizar a etapa, acade unha boa competencia nas dúas linguas oficiais
- Iniciar ao alumnado no estudo sistemático dunha terceira lingua (Inglés).
- Privilexiar o uso da lingua galega nas relacións entre os membros da comunidade educativa.
- Mellorar a competencia comunicativa en galego do alumnado en xeral e daqueles membros da comunidade que o desexaren.
- Previr o desenvolvemento de prexuízos asociados ao uso da lingua galega (a mellor defensa de calquera lingua é o seu uso).
- Asumir que a lingua galega é un instrumento de comunicación válido en todos os contextos, non só en usos rituais.
- Transmitir á sociedade que neste centro consideramos a lingua galega un valor, por iso usámola en todos os ámbitos.
- Facer visible o respecto polas dúas linguas oficiais da comunidade, favorecendo a que ten menos uso.
- Facer do centro de ensino un espazo de socialización da lingua galega, de maneira que toda a comunidade escolar asuma que o uso do galego é normal nel.

### 4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Privilexiar o uso da lingua galega como lingua vehicular dentro da comunidade educativa.
- Asesorar lingüística e bibliograficamente os integrantes do Centro e resolver calquera dúbida relacionada co idioma.
- Fornecer a Biblioteca e os diferentes Departamentos dos vocabularios técnicos propios de cada Ciclo Formativo.
- Propor e asesorar a organización de actividades que potencien as actitudes positivas de todos os sectores da comunidade educativa pola normalización lingüística e o uso do galego nas actividades cotiás do Centro.
- Manter a fidelidade lingüística do alumnado galego-falante.
- Socializar o uso do galego entre o alumnado castelán-falante.
- Usar o galego nas actividades complementarias e extraescolares.

Ademais das propostas incluídas no proxecto do Equipo de Dinamización, dirixidas fundamentalmente ao alumnado, parece oportuno engadir outras dirixidas a todos os demais membros da comunidade educativa que incidirán, sen dúbida, positivamente na situación lingüística do centro e na superación de posibles prexuízos.

1. **Secretaría:** atender o público, tanto por teléfono como persoalmente, en galego. Manter a lingua mesmo cando o interlocutor fala en castelán.

2. **Conserxaría:** cando se atende o teléfono, cando se chama á casa do alumnado, cando se fala co alumnado ou cos pais e cas nais no mostrador. Sempre en galego, salvo cando o interlocutor pida de maneira explícita ser atendido en castelán.

3. **Titores/as/ profesorado** en xeral na atención a pais/nais: tanto telefonicamente como en persoa, preferentemente en galego. Relación do profesorado co alumnado en situacións informais: por defecto, en galego.

4. **Dirección:** As reunións e atención a pais/nais en xeral procurarase que sexan en galego

## 5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Na Educación Primaria garantírase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. Este é o cadro de distribución horaria semanal das áreas, por cursos, segundo a lingua na que se imparten.

PRIMARIA	1º EP		2º EP		3º EP		4º EP		5º EP		6º EP	
	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI
CIENCIAS NATURAIS	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
CIENCIAS SOCIAIS	3	G	2	G	3	G	2	G	2	G	3	G
EF	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C
LINGUA CASTELÁ	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C	3	C
INGLÉS	2	C	2	C	3	C	3	C	3	C	3	C
LINGUA GALEGA	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G	3	G
MATEMÁTICAS	5	C	5	C	4	C	4	C	5	C	5	C
EDUCACIÓN ARTÍSTICA	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS	1	C	2	C	1	C	1	C	1	C	1	C
LIBRE CONFIGURACIÓN							1	G				
<b>CASTELÁN (%)</b>	<b>56%</b>		<b>60%</b>		<b>56%</b>		<b>56%</b>		<b>60%</b>		<b>60%</b>	
<b>GALEGO (%)</b>	<b>44%</b>		<b>40%</b>		<b>44%</b>		<b>44%</b>		<b>40%</b>		<b>40%</b>	

## 6. EXENCIONS

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo en Galicia no 3º ciclo de educación primaria poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos

No actual curso académico 2019-2020 presentarase unha solicitude de exención de lingua galega para unha alumna de 5º de Educación Primaria procedente do estranxeiro que chega ao centro co curso empezado.

### A. PROCEDIMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14)

O procedemento establecido ante á solicitude mencionada é o marcado na normativa vixente, sendo esta a Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitaria de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

- Presentación da solicitude en formato papel (anexo á orde 10 de febreiro de 2014).
- Esta solicitude irá asinada polo alumno/a solicitante, polo seu pai/nai/titor/titora ou pola persoa que teña a súa representación legal, se é menor de idade, e nela exporanse as razóns polas que se solicita a exención.
- A solicitude dirixirase á persoa titular da Dirección do CEIP de Seixo.
- A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia, e os seus efectos limitaranse ao citado ano.
- Non se poderán conceder máis de dous cursos escolares conforme ó previsto no art. 3 da ORDE 10 de febreiro de 2014.

### B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS

Atendendo ao establecido no Art. 4.2 o alumnado exento terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

### **C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.**

Son varias as medidas a adoptar para que o alumnado exento de galego poida seguir as clases e lograr así comprender e responder co máximo aproveitamento.

Deste xeito:

- En primeiro lugar, e como non podía ser doutra forma, facelo partícipe de tódalas actividades desenvolvidas na clase. Tratamos así de facer unha inclusión en tódolos sentidos. Ler, falar, dramatizar, expor cuestións,...
- Deixarlle claro que sempre que non entenda, ten que preguntar sen medo para aclarar as súas dúbidas.
- Sentalo con compañeiros que lle poidan axudar nun momento determinado e lle sirvan de guía o alumno/a - titor/a, para esa mellor integración.
- Darlle lecturas sinxelas para familiarizarse coa lingua.
- Animalo a falar, a expresarse, a expor, a romper ese medo a “eu non sei”.
- No momento da realización dalgunha proba, ler os enunciados, os textos con el e aclararlle ou traducirlle aquilo que non entendera.
- Ler textos en voz alta para coller confianza e seguridade en si mesmo.
- Intentar asegurarnos de que comprende canto lee.
- Nas áreas de CC. Sociais e CC. Naturais, traducirlle termos que non coñeza ou lle poidan entrañar certa dificultade.
- Esixirlle sempre que intente expresarse en galego, aínda que lle custe, sempre motivándolle ao uso do galego.
- Darlle ánimos sempre recoñecerlle os seus progresos.

## **7. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.**

Segundo o decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os centros docentes impartirán de maneira integrada o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

A tal efecto, os mestres de linguas castelán, galega e inglesa traballarán xuntos e coordinaranse no traballo das catro destrezas básicas, procurando a utilización da mesma terminoloxía, evitando redundancias á hora de explicar e procurando que o alumnado sexa o máis competente posible en todas elas.

O obxectivo de todas as linguas é a comprensión oral e escrita así como a produción oral e escrita. Con este obxectivo, elaboraranse algunhas rúbricas de avaliación básicas común a todas elas, e deseñaranse unha serie de actividades a desenvolver. Unha destas actividades posibles será “escribir unha carta” en todas as linguas e observar e comentar as diferencias e semellanzas nelas en todas as linguas.

Ademais buscaranse acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia a empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de maneira que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

## 8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

### A. COMPOSICIÓN

Durante os últimos cursos a biblioteca foi o nexo de unión da Comunidade educativa e esta unión materializouse, na formación do Equipo PLAMBE. Este equipo está formado polos coordinadores de todos os equipos e pola xefa de estudos. É o equipo encargado de deseñar as actividades de dinamización do centro que despois se distribúen entre os diferentes equipos para a súa realización.

Continua como coordinadora, do EDLG, Ana Valuja Framiñán, que durante a lactancia e a redución de xornada do 99% é substituída no cargo por Cayetano Tamaño Rubianes.

Neste curso os membros son:

- Sabela Ruibal Castro
- Lourdes Bermúdez Rivera
- Olaia Quintela López

### B. FUNCIONES

#### I. COORDINADOR/A

É competencia do coordinador:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos planos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidir as reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

#### II. EQUIPO

Segundo o artigo 15 do decreto 79/2010 de 20 de maio, este equipo terá como papel fundamental o deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega. Terá as seguintes funcións:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
  - a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
  - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria prevexa na súa normativa específica.

## 9. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Organizamos todas as actividades en sete bloques temáticos que engloban todas as propostas que cada ano se concretan na addenda:

### 1. Colaboracións coa biblioteca para o fomento da oralidade en galego.

- Conversas para desenvolver a expresión oral: Visitas de autores e ilustradores, explicación de Proxectos propios (contos, receitas,...) aos compañeiros, contacontos...
- Proxectos no centro: PDI, a mochila viaxeira...

### 2. Festivais e celebracións. Exposicións e murais varios.

- Celebración das festas populares: Utilización de unidades didácticas, realización de murais, participación en concursos... en galego e inglés no Samaín (Halloween), O Magosto, O Nadal e o Entroido.
- Conmemoración de días sinalados: De todos os que están sinalados no calendario escolar anual que se traballarán a nivel aula, o claustro elixirá os días nos que se celebrarán actos conxuntos como: Días das Bibliotecas, Día da Paz, Día do Libro, Día das Letras Galegas...

### 3. Colaboración con outros centros e asociacións.

- Convivencias con outros centros educativos do noso entorno e visitas a diferentes institucións: co Ceip de Ardán, coa galiña azul...
- Con outros EDLG do Morrazo: Guías de Lectura, coordinación de actividades e materiais compartidos...
- Participación en concursos que fomenten o uso das nosas linguas e que se convoque ao longo do curso ou exposicións que se fagan no centro ou no entorno próximo.
- Participación en diferentes plans e proxectos: plan proxecta, proxecto Elisa, Asociación Rexurdir, Meniños,...
- Colaboración con diferentes organismos do concello: policía local, asociación de comerciantes, clubs deportivos, comunidade de montes de Santomé,...

### 4. O galego nas tics.

- Radio escolar por medio das canles de Soundcloud e iVoox .
- Conta colaborativa en Pinterest.

- Galeguizar as tics: o obxectivo de que todos os ordenadores do centro estean en galego, para potenciar a nosa lingua e tamén identificala coa informática; ademais recompilaremos enlaces e webs en galego para poñelas a disposición de toda a comunidade educativa.

- Actividades con códigos QR, realidade aumentada...
- Booktubers: pequenos vídeos con recomendacións lectoras as cales se accede por medio de códigos QR.

- Recursos en galego para ipads, robótica, mesa de luz...
- Web e blogs do cole en galego.
- Facebook por medio da conta “As pegadas de Arnaldo”.

## **5. Publicacións.**

- Actividades para fomentar a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Emprego da lingua galega en:
  - Todos os documentos administrativos e pedagóxicos do Centro.
  - A correspondencia e os avisos dirixidos a familia e calquera institución.
  - Carteis, letreiros, avisos... que se coloquen na escola.
  - Festivais e actos conmemorativos realizados no centro.
- Diferentes publicacións en galego: calendario, guías, cartas, orlas, díptico, vídeo.....

## **6. Saídas.**

Visitas ás exposicións, obras de teatro, ao Correlingua, contacontos e outras actividades fora do centro.

## **7. Apoio ao profesorado.**

Levaranse a cabo diferentes accións para apoiar ao profesorado en canto á potenciación da lingua galega:

- Recompilar para eles recursos didácticos, publicacións en galego, información e materiais (por medio do blog, polo correo, whatsapp,...) Como axuda para a organización das diferentes conmemoracións e actividades: nadal, día da paz, entroido, semana da prensa, día da muller traballadora, día da poesía, día do libro infantil, día do libro, letras galegas...

- Facer pequenas sesións practicas en torno a temas dixitais, coa axuda do equipo tics.
- Buscar materiais de consulta que se poidan ver en rede (de institucións, outros centros....).
- Recompilar cantigas, adiviñas, xogos,... Para que o traballen e compartan co alumnado.

- Por medio do blog dar a coñecer recursos: xornais, dicionarios, tradutores, buscadores...
- Compartir varios tutoriais, propios e alleos, de novas tecnoloxías, para profesorado (funcionamento da radio, funcionamento de programas de edición de vídeo...)
- Compartir ideas e recursos na conta colaborativa creada en pinterest.

## 10. PLURILINGÜISMO

### A. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)

Segundo a disposición adicional terceira do decreto 79/2010, a Administración educativa elaborará e presentará un plan dirixido ao alumnado con NEAE que asegure a súa capacitación lingüística nas linguas oficiais.

As medidas de atención ao alumnado con NEAE están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

A atención educativa á diversidade entendémola como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e concretámolas en propostas curriculares e organizativas que teñen en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Trátase de conseguir que todas as persoas consigan acadar o máximo desenvolvemento persoal e social, polo que é necesario facilitarles unha educación adaptada ás súas singularidades, que garanta a igualdade efectiva de oportunidades, ofrecéndolles os recursos necesarios.

Adaptamos as propostas cunha serie de actividades adecuadas ao currículo vixente que non alteran os seus obxectivos, competencias clave, contidos, estándares de aprendizaxe avaliábeis e criterios de avaliación, senón que os adaptan para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe e ás características individuais e os estilos de aprendizaxe que poida presentar o alumnado.

Partindo de que o principio de igualdade no que se sustenta o concepto de educación para todos e para todas implica diferentes recursos para atender á diversidade con que nos atopamos, as medidas adoptadas para que o alumnado acade o suficiente dominio das linguas e así poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten terán en conta:

- Agrupamentos específicos, variados... que permitan grupos de traballo flexibles.
- Reforzo educativo con continuo feedback.
- Currículo flexible, adaptable as características do alumnado que permita a ralentización da introdución de novos contidos.

- Materiais e estratexias variados que lles permitan seguir as actividades lectivas con normalidade.
- Fomento das actividades de comprensión e expresión oral, para continuar coas de comprensión e expresión escrita.
- Actividades con progresivo grado de dificultade nas que se vaian acadando pequenos obxectivos para que ditos logros funcionen como motivación positiva
- Motivación positiva, pequenos logros, no ámbito das Tic programas lúdico-didáctico...

De todos os xeitos, as medidas a tomar dependerán do historial académico e da competencia lingüística do alumnado nas linguas galega e castelá. En todo caso, será o departamento de orientación e o seu titor ou titora os que, respectando a lexislación vixente e en función das características propias, determinen e orienten sobre as medidas a tomar. Destas medidas serán informadas as familias.

## **B. SECCIÓN BILINGÜES**

A orde de 12 de maio de 2011 regula en centros sostidos con fondos públicos as seccións bilingües. No art. 2 as define a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos/as dun xeito bilingüe, na lingua cooficial que corresponda, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia a ese grupo de alumnado.

No art. 13 establécese que os centros que desexen iniciar a implantación de seccións bilingües deberán facer a correspondente solicitude, e xuntar a seguinte documentación:

a) Proxecto de participación no plan onde se recollan aspectos como: profesorado e alumnado participante, obxectivos propostos e os contidos; etapas e cursos en que se desenvolvera; áreas, materias ou módulos; estratexias metodolóxicas, pautas para a avaliación do proxecto..

b) Certificación de aprobación do proxecto polo consello escolar, unha vez oído o claustro.

c) Compromiso do profesorado implicado de formar parte do proxecto durante como mínimo dous anos.

d) Relación do profesorado da área, materia ou módulo non lingüístico, xunto coas credenciais de posuír destino definitivo do centro e a titulación que acredite a súa competencia lingüística no nivel requirido (B2)

e) Certificación da dirección do centro co número de alumnos/as que participaran na sección.

f) Informe de Inspección educativa.

Nestes momentos no CEIP Seixo non está implantada ningunha sección bilingüe.

## 11. AVALIACIÓN

O Proxecto lingüístico do centro remitiráselle cada catro cursos escolares aos servizos de inspección educativa.

Anualmente elaborárase unha addenda do proxecto no cal constará:

a) Os resultados da pregunta para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

b) As modificacións na impartición de materias en linguas estranxeiras aprobadas polo centro e autorizadas pola Consellería de Educación.

c) Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizadas polo centro no curso anterior, e información do que se vai a desenvolver no curso seguinte.

Cada curso, o equipo de dinamización da lingua galega elaborará unha memoria de avaliación que se incluírá na memoria do centro.

Ademais do anterior o equipo de dinamización de lingua galega realizará enquisas entre os distintos estamentos da comunidade educativa para avaliar o uso do galego, e tomar as decisións permanentes sobre as actividades a propoñer á vista dos resultados.